

Curso de iniciación á lingua galega

Nivel 1

Os cursos *Iniciación á lingua galega* están dirixidos a persoas con escasos coñecementos do idioma, que procuran formación para se iniciar na lingua galega e acadar unha competencia básica no uso do galego estándar.

O obxectivo primordial é familiarizarse coa lingua galega dun modo práctico e dinámico, dotando o alumnado dos recursos necesarios para desenvolver as habilidades lingüísticas básicas (escoitar, falar, ler e escribir), que lle permitan satisfacer as súas necesidades de comunicación máis primarias.

Mediante a exposición directa na aula a un uso vivo do idioma, fomentaremos a participación activa do alumnado, concentrarémonos nas dificultades da aprendizaxe, para resolver as dúbidas coas que acotío se enfrontan as e os usuarios do galego.

Iniciación á lingua galega. Nivel 1

Dirixido a: quen realizase o curso de iniciación á lingua galega 0, ou supere a proba de nivel que dá acceso a este curso.

Duración: 42 horas (40 horas presenciais).

Datas: luns e mércores, 4,6,11,13,18,20,25 e 27 de outubro; 3,8,10,15,17 e 22 de novembro.

Horario: de 17:30 a 20:30. Os días 17 e 22 de novembro de 18:30 a 20:30

Lugar: Auditorio Mar de Vigo, 5ª planta, aula núm. 8.

Inscripción: Na páxina web da concellaría (snl.vigo.org), cubrindo o formulario [inscrición](#). No asunto hai que pór: *nivel básico 1*.

Prazo de inscrición: dende o 21 de setembro até o 1 de outubro.

Para unha información máis detallada, pode consultar a web da concellaría.